

CULTURA

AUTORES NA LIMIA

O anterior goberno tiña avanzado o deseño de roteiros para Casares e Riveiro Coello en Xizna

AS RUTAS ANUNCIADAS O DOMINGO POR ROBERTO VARELA SON "EN TODO SEMELLANTES" ÁS QUE DESEÑA ESTE COLECTIVO DENDE HAI ANOS

Cultura copia os roteiros literarios que prepara a asociación de escritores

A AELG traballaba neste proxecto co bipartito e presentoullo ao conselleiro nunha reunión en xuño, sen que lles confirmaran a súa continuidade

A. LOSADA

GALICIA

a.losada@xornaldegacia.com

A Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) denunciou onte que o proxecto de crear rutas turísticas en "vilas literarias" galegas, que o conselleiro de Cultura fixo público este domingo, é "en todo semellante" aos "roteiros literarios" que este colectivo planifica dende hai anos e que estaba a pór en marcha co equipo de Ánxela Bugallo, durante o goberno bipartito. Porén, a Consellería non se puxo en contacto con eles para continuar con esta iniciativa e semella estar a deseñar un plan en paralelo.

Mercedes Queixas, secretaria da AELG, asegura que na reunión que o presidente da asociación mantivo co conselleiro o pasado 16 de xuño, "presentóuselle a proposta de continuar avanzando cos roteiros literarios, sempre coma unha colaboración", pero o anuncio que fixo Varela dende Vilanova de Arousa foi "toda unha sorpresa e unha decepción" para este colectivo.

"Ante a falta de resposta durante estes meses, estábamos a traballar en sacar a iniciativa adiante pola nosa conta, co financiamento que poidamos reunir, de feito, estaba prevista unha presentación pública a finais deste mes", di Queixas. A Consellería de Cultura non quixo onte confirmar se contará coa asociación de escritores ou algún outro grupo na súa iniciativa.

TERRITORIO DO ESCRITOR

Para chegar a este punto, a AELG realizou nos últimos anos un importante esforzo de documentación, sobre as biografías dos principais escritores galegos e os espazos vencellados a elas. Unha pequena mostra pode verse, dende hai xa moitos meses, no *Territorio do escritor* da súa páxina web —www.aelg.org—, unha ferramenta para facer mapas



Unha das habitacións da Casa-museo de Rosalía de Castro, en Padrón

OLALLA LOJO

realizada en colaboración coa Universidade da Coruña que sitúa 53 lugares importantes para a literatura galega, dende as casas natais dos escritores á Cova Céltica ou as imprentas da Editorial Nós. "Iso só é unha pequena parte —explica a secretaria da AELG—, temos moito máis material que aínda non fixemos público", pensado para uns roteiros que atraesen o turismo e divulgasen o legado literario galego.

Esa combinación entre interese turístico e divulgación das letras do país foi a mesma que invocou o domingo Roberto Varela, que prometeu que antes do final da lexislatura poría en marcha a etiqueta "vilas literarias", que consistiría no deseño de itinerarios por diferentes poboacións tomando como punto de partida aos autores que alí viviran.

Delfín Caseiro, que foi delegado da Consellería de Cultura na provincia de Ourense durante o bipartito, confirma que a Xunta estaba daquela a traballar coa AELG para pór en marcha algunhas rutas das letras. As que estaban máis avanzadas, segundo declara, eran as dedicadas ao poeta Antón Riveiro Coello e ao na-

MOITAS INICIATIVAS INDEPENDENTES

Os roteiros literarios non son descoñecidos na xeografía galega. Hai tempo que existe unha ruta de Rosalía de Castro que parte de Padrón, un camiño oficial para seguir os pasos dos protagonistas d'A *esmorga* de Blanco Amor polas rúas de Ourense, un roteiro pondaliano nos Bergantiños ou unha excursión polos lugares da poesía de Fiz Vergara Vilariño no Val de Lóuzara. Carros Enriquez ten dúas rutas oficiais, unha na Coruña e outra en Ourense, e Castela o conta tamén cun roteiro en Pontevedra, entre outros moitos. A intención orixinal da AELG, así como da Consellería



Estatua de Blanco Amor en Ourense

de Cultura, é agrupalos baixo a mesma etiqueta, así como organizar algúns novos. O Consello da Cultura Galega ten varios catalogados na web.

O colectivo de autores tiña pensado presentar o seu propio plan este mes

rrador Carlos Casares en Xizna da Limia, vila natal de ambos.

Porén, a Xunta non anunciou esta fin de semana a posta en marcha de ningún roteiro novo. Na lista de vilas en boa posición para optar a ser "literarias" mencionaron Padrón,

Ponteceso, Mondoñedo Celanova, Cambados, Rianxo ou Vilanova de Arousa, moitas das cales xa teñen roteiros por iniciativa propia.

Roberto Varela explicou que as localidades que se acollan á iniciativa vilas literarias, cuxa elección se acordará con profesionais do sector da cultura de Galicia —sen especificar quen—, deberán ter configuración urbana e o recoñecemento de vila; ser lugar de nacemento de máis dun escritor comunmente recoñecido na historia da literatura galega ou só un ao que lle fora dedicado o Día das Letras Galegas. Tamén se valorará que o lugar conte con algún roteiro recoñecido, rural ou urbano, relacionado cos escritores da súa terra, entre outros aspectos.

En paralelo, a AELG seguirá a traballar no seu propio proxecto, un dos que afronta "con máis ilusión", segundo Mercedes Queixas, que lamenta ter que manter unha iniciativa paralela á da Xunta. ■

www.xornal.com

Opina sobre a semellanza das dúas iniciativas na web de Xornal de Galicia